



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto no artigo 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **28 de abril, ás 21:00 horas** e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

I PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2017.

2º.- Aprobación inical, se procede, da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

3º.- Acordo de goberno para nomear as rúas do polígono Sete Pías de Cambados.

II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

4º.- Acordo do grupo de goberno por unha renda de inclusión social de Galicia Digna.

5º.- Acordo de goberno para un municipalismo xusto con Galicia e coa cidadanía.

6º.- Dar conta das resolucións da alcaldía

7º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria, da acta e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

En Cambados, a 25 de abril de 2017

A Alcaldesa

O Secretario Xeral

Asdo: Fátima Abal Roma

Asdo: Francisco J. Oubiña Lodeiro